



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TEO

Aprobación bases convocatoria de subvencions a entidades de carácter educativo 2023

EDICTO

A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 17/07/2023, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/23), acorda:

Primeiro.- Aprobamos as Bases da Convocatoria de Subvencions a entidades de carácter educativo, sen ánimo de lucro, polas actividades realizadas durante o ano 2023, que se reflicten de seguido.

Segundo.- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS ÁS ENTIDADES DE CARÁCTER EDUCATIVO, SEN ÁNIMO DE LUCRO, POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2023

1ª.— OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen por finalidade regular a concesión de subvencions destinadas a actividades organizadas ou promovidas por centros educativos públicos de ensino non universitario e as súas respectivas asociacións de nais e pais, con domicilio fiscal no Concello de Teo pola realización de actividades de carácter educativo no ano 2023, con cargo á partida 320/48000 do orzamento prorrogado de 2022, por un importe total de 13.000 euros, dos cales corresponden 6.000 euros para os centros educativos e os restantes 7000 euros para as ANPAS.

Son obxectivos perseguidos polas axudas reguladas nestas bases a potenciación da formación educativa do alumnado dos centros educativos públicos de Educación Infantil, Primaria e Secundaria que desenvolvan a actividade no ámbito municipal do noso Concello.

2ª.—BENEFICIARIOS/AS

Os centros públicos de ensino non universitario e asociacións de pais e nais, sen ánimo de lucro, con domicilio social no Concello de Teo e inscritas no Censo de Asociacións do Concello de Teo.

Non poderán ter a condición de beneficiarios aquelas persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias enumeradas no artigo 13.2 da Lei 38/2003.

3ª.—ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES

As subvencions que se outorguen ao abeiro das presentes bases, terán como finalidade:

7.1.a Colaboración en gastos correntes derivados da realización de actividades por parte dos suxeitos mencionados no artigo 2º das presentes Bases e, dos gastos de conservación, mantemento ou reparacións menores, que non teñan o carácter de investimento, necesarios para o desenvolvemento destas no ano 2023.

7.1.b Gastos ocasionados pola organización de actividades durante o ano 2023 dentro do territorio municipal ou fora do concello no caso de saídas de carácter didáctico.

4ª.—LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse PREFERIBLEMENTE POLA SEDE ELECTRÓNICA do Concello de Teo (<https://sede.teo.gal>) ou no modelo normalizado (Anexo I) que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello, entre o 1 e o 30 de setembro de 2023 (ambos incluídos).

A convocatoria de subvencions farase pública no taboleiro de edictos do Concello e na web.

5ª.—DOCUMENTACIÓN

As solicitudes de subvención deberán presentarse no modelo normalizado (Anexo I), e irán acompañadas da seguinte documentación:

- a Documento asinado polo/a representante da entidade facendo constar as actividades desenvolvidas e o número de alumnado participante. (Anexo II)
- b Copia cotexada do CIF. Só necesaria en caso de non estar depositada no Concello.
- c Carteis, notas de prensa ou calquera outro documento publicitario das actividades organizadas coas que concorre a esta subvención, se os houbera.
- d Memoria económica do ano 2023, con especificación de ingresos e gastos, desagregándoos por conceptos.
- e Memoria descritiva das actividades que se desenvolveron en 2023, detallando en cada unha:
 - gastos en que se incorreu para a súa realización, a súa cuantificación e o financiamento que se obtivo.
 - obxectivos que se pretendían acadar coa realización da actividade.
 - obxectivos finalmente conseguidos.
- a Factura oficial correspondente ao gasto dos materiais mercados.
- b Certificación bancaria da conta onde se efectuarán os pagamentos.
- c Declaración xurada conforme o solicitante non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.
- d No caso de solicitudes defectuosas ou incompletas, concederáse un prazo de 10 días para a súa corrección, arquivándose sen máis trámites de non se emendaren os defectos no dito prazo.

6ª.—CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS

As subvencións reguladas nas presentes Bases concederanse en réxime de concorrencia competitiva, polo que as solicitudes que cumpran os requisitos serán avaliadas consonte os criterios que de seguido se sinalan:

- 1 Por actividades de carácter permanente (ao longo do curso). Máximo 10 puntos.
 - 1 punto por cada actividade.
 - 2 puntos por cada actividade se está organizada por unha ANPA e ten carácter gratuíto.
- 2 Por actividades de carácter non permanente (actividades periódicas ou puntuais). Máximo 5 puntos. 0.25 puntos por cada actividade.
- 3 Polo alumnado participante nas actividades de carácter permanente. Máximo 10 puntos. Baremarase cada actividade ata un máximo de 10 puntos, e o resultado desta epígrafe será a media da puntuación acadada por todas as actividades.

Ata 15 alumnos/as: 1 punto

De 16 a 25 alumnos/as: 2 puntos

De 26 a 50 alumnos/as: 3 puntos

De 51 a 75 alumnos/as: 4 puntos

De 76 a 100 alumnos/as: 5 puntos

De 101 a 125 alumnos/as: 6 puntos

De 126 a 150 alumnos/as: 7 puntos

De 151 a 175 alumnos/as: 8 puntos

De 176 a 200 alumnos/as: 9 puntos

Máis de 201 alumnos/as: 10 puntos

As actividades realizadas polo CRA de Teo, terán unha baremación axeitada e proporcional ao número de alumnos destes centros, xa que teñen 1/3 do alumnado dos outros centros, e co fin de evitar un agravio comparativo, terán a seguinte puntuación:

Ata 15 alumnos: 3 puntos.

De 16 a 25 alumnos: 6 puntos.

De 26 a 50 alumnos: 9 puntos.

Máis de 50 alumnos: 10 puntos.

4 Pola participación nas actividades de carácter non permanente. Máximo 5 puntos. Baremarase cada actividade ata un máximo de 5 puntos, e o resultado desta epígrafe será a media da puntuación acadada por tódalas actividades.

Participación de ata o 25% do alumnado: 1 punto

Participación de ata o 50% do alumnado: 2 puntos

Participación de ata o 75% do alumnado: 3 puntos

Participación do total do alumnado: 4 puntos

Participación de parte do alumnado e as súas familias: 4 puntos

Participación de todo o alumnado e as súas familias: 5 puntos

5 Pola calidade do proxecto. Máximo 5 puntos

Pola repercusión das actividades na comunidade: implicación de membros de toda a comunidade educativa, doutras entidades, asociacións ou outros centros: ata 1 punto

Pola orixinalidade do proxecto no sentido de que supoña unha actividade innovadora: ata 1 punto

Por actividades relacionadas con temas transversais (educación para a paz, para a saúde, educación cívica, educación viaria, educación ambiental, interculturalidade, coeducación...): ata 1 punto

Por actividades de promoción da cultura galega: ata 1 punto

Por actividades de promoción do patrimonio histórico, artístico, cultural ou natural do concello ou do seu contorno: ata 1 punto

Por actividades que impliquen o uso das tecnoloxías: ata 1 punto

Por actividades de integración do alumnado con discapacidades e neurodiversidade: ata 1 punto

Por actividades que favorezan ou contribúan á integración do alumnado inmigrante ou socialmente desfavorecido: ata 1 punto

Por actividades de animación cultural e animación no tempo libre: ata 1 punto

6 Polos gastos derivados do coidado e mantemento das instalacións propias. Máximo 5 puntos.

Por gastos de conservación da instalación: 2 puntos

Por gastos de luz: 1 punto Por gastos de auga: 1 punto

Por gastos de calefacción: 1 punto

Aquelas asociacións que reciban unha subvención nominativa do Concello de Teo non poderán concorrer a esta convocatoria coas mesmas actividades que xa están subvencionadas.

7ª.—IMPORTES MÁXIMOS DAS SUBVENCÍONS

En ningún caso o importe máximo da subvención de cada solicitante superará o 70% do orzamento da entidade ou asociación para a tempada obxecto da solicitude.

8ª.—ÓRGANO COMPETENTE E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

As solicitudes dirixiranse á Concelleira delegada de Educación nos prazos indicados no punto 4º das presentes bases.

Os funcionarios designados polo Concello de Teo serán o órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a resolución.

O órgano instructor do procedemento será o encargado de requirir dos solicitantes a emenda de deficiencias nas solicitudes presentadas. Ademais elaborará un informe de cada unha das solicitudes presentadas no que se fará constar:

— Nome da entidade e contía máxima da subvención á que opta.

— Se está ou non completa a documentación do expediente, con expresión da data da finalización do prazo de presentación, no seu caso.

— Se cumpre os requisitos da convocatoria, con indicación expresa dos que non cumpra, de ser o caso.

— A valoración das propostas presentadas, en base aos criterios relacionados no punto anterior, efectuaráa unha comisión de valoración constituída pola concelleira delegada de Educación, que a presidirá, o concelleiro delegado de Benestar Social, Persoal e Deportes, a auxiliar administrativa do de cultura, e a auxiliar de intervención, que actuará tamén como secretaria da Comisión de Valoración.

— Esta Comisión elevará unha proposta de concesión á Xunta de Goberno Local previo informe da Intervención municipal. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a adopción do acordo de concesión de subvencións. Este acordo esgotará a vía administrativa.

9ª.—PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS

A resolución das subvencións notificaranse individualmente e publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello, indicando a puntuación obtida por cada solicitude, o importe subvencionado e/ou os motivos da denegación.

10ª.—COMPROMISOS

As entidades subvencionadas ao abeiro destas bases quedarán obrigadas a colaborar co Concello naquelas actividades que este organice cando lle sexa requirido e farán constar na súa publicidade o patrocinio do Concello de Teo.

Tal e como especifica a Ordenanza para o impulso social da lingua galega no municipio de Teo, para que o Concello de Teo colabore en actividades comunicativas, culturais, deportivas, divulgativas, etc. (eventos, conferencias, intervencións públicas, xornadas, congresos, charlas, campionatos, espectáculos, festivais, etc.) organizadas por outras entidades, será requisito que estas se desenvolvan, en xeral, en lingua galega.

11ª.—XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES E PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS

Para o abono do importe das subvencións económicas concedidas, será imprescindible acreditar polos perceptores/as a aplicación efectiva dos fondos percibidos con destino á finalidade que motivou a concesión mediante a presentación da seguinte documentación:

a Facturas relacionadas coa actividade subvencionada (de 2023) e por un importe superior á cantidade concedida. Só se admitirán facturas orixinais ou fotocopias cotexadas emitidas con posterioridade á realización dos gastos (adquisición de subministracións, prestación de servizos) e nas que ademais de reunir todos os requisitos legais, deberán figurar en detalle todos os conceptos incluídos nela, e a constancia expresa de “pagada”, asinada e indicando o nome e o DNI, pola persoa representante da empresa, que recibe o pagamento ou mediante xustificante da transferencia bancaria.

Só se admitirán recibos ou tickets nos casos regulados no artigo 4 do Regulamento de Facturación, RD 1619/2012, de 30 de novembro.

b Indicación expresa de que se realizou o fin para o que a subvención foi concedida.

c Declaración doutras axudas e/ou subvencións recibidas, con expresión, no seu caso de que o conxunto das axudas percibidas non superaron o gasto realizado.

d Memoria cuantificada das actividades realizadas, que deberán corresponder ao ano 2023, indicando os gastos e ingresos de cada actividade.

e .Declaración responsable do solicitante de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias e coa seguridade social impostas pola lexislación vixente. De conformidade co disposto no artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, os certificados de atoparse ao corrente con Facenda e a Seguridade Social poderán substituírse por unha declaración responsable cando o importe da subvención non supere os 3.000€. O solicitante neste punto deberá comprometerse a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

Por outra parte, o solicitante poderá conceder autorización ao concello para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación de atoparse ao corrente con Facenda e coa Seguridade Social a través de certificados telemáticos, en cuxo caso o solicitante non deberá aportar a correspondente certificación.

As subvencións xustificaranse antes do 30/11/2023. No caso de non xustificarse no prazo anteriormente mencionado, entenderase que a entidade renuncia ao seu dereito a cobrar a subvención.

Non serán gastos subvencionables:

- Os xuros debedores de contas bancarias,
- Os xuros, recargas e sancións administrativas,
- Os gastos de procedementos xudiciais,

O pagamento realizarase unha vez que os e as beneficiarias xustifiquen os gastos ocasionados na execución das actividades subvencionadas, sempre dentro do prazo sinalado no punto e), e despois da fiscalización da conta xustificativa pola Intervención Municipal e posterior aprobación da mesma pola Alcaldía, quen ordenará o pago.

O coeficiente de financiamento será 1, de xeito que, cando se presenten xustificantes por importe inferior ao concedido na achega, esta se verá reducida proporcionalmente.

12ª.—CONTROL DA APLICACIÓN DO GASTO

O órgano instrutor poderá solicitar en calquera momento as explicacións e documentos que considere necesarios para o oportuno seguimento das actividades subvencionadas.

13ª.—RÉXIME SANCIONADOR

Sen prexuízo do disposto na normativa xeral e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal en materia de subvencións, os perceptores destas subvencións veranse na obriga de devolver as cantidades percibidas para o suposto de que incumpran algunha das condicións das bases recollidas na presente normativa.

14ª.—RÉXIME XURÍDICO

Nos aspectos non especificados nestas bases, as presentes axudas regularanse polo disposto na normativa xeral reguladora de subvencións, en especial, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

O que se fai público para os efectos da apertura do prazo de presentación de solicitudes de subvencións polas persoas ou entidades que correspondan, tal e como se recolle nas indicadas bases

Teo, 10 de Xullo de 2023

María Vázquez Rey

Concelleira de Educación, Igualdade, Muller e Diversidade.

Teo, 20 de xullo de 2023

A alcaldesa,

Lucía Calvo de la Uz

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE PARA A SUBVENCIÓN ÁS ENTIDADES DE CARÁCTER EDUCATIVO SEN ÁNIMO DE LUCRO DO
CONCELLO DE TEO

ANO 2023

DATOS DE IDENTIFICACIÓN

ENTIDADE SOLICITANTE (Nome completo e siglas):.....

ENDEREZO SOCIAL:.....

LOCALIDADE:.....

CIF:.....

TELÉFONOS DA ENTIDADE:.....

ENDEREZO ELECTRÓNICO:.....

REPRESENTANTE DA ENTIDADE (nome e apelidos):

DNI:.....

CARGO QUE OCUPA:.....

TELÉFONO DE CONTACTO:.....

CENTROS EDUCATIVOS: NÚMERO DE ALUMNOS/AS:.....

ANPAS: NÚMERO DE FAMILIAS ASOCIADAS:

FINS SOCIAIS DA ENTIDADE:

IMPORTE ORZAMENTO ANO 2023:.....

NÚMERO DE CONTA BANCARIA (20 díxitos):

--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

Teo, a.....de 2023

O/ A representante da entidade

ANEXO 2

ACTIVIDADES DE CARÁCTER PERMANENTE	Nº . DE PARTICIPANTES NESTAS ACTIVIDADES. ANPAS: ESPECIFICAR SE SON DE CARÁCTER GRATUÍTO
ACTIVIDADES DE CARÁCTER NON PERMANENTE	Nº . DE PARTICIPANTES ALUMNADO. PARTICIPACIÓN FAMILIAS (SI/NON)

Declaro que:

- Acepto expresamente as bases desta convocatoria de subvencións.
- Que a entidade por min representada cumpre todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.
- Que os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

Teo,de de 2023

O/A representante da entidade